

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016777	IES Carlos Casares	Viana do Bolo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Economía	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	20
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	22
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

1. Introducción

A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social. Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos.

O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo. O enfoque empregado pola economía na resolución dos problemas sociais distínguese das restantes ciencias sociais.

O currículo desta materia, que aborda aprendizaxes significativas, funcionais e de interese para o alumnado, está organizado ao redor da adquisición duns obxectivos que desenvolven diversos aspectos. En primeiro lugar, tratan de explicar como a escaseza condiciona os comportamentos desde a perspectiva económica, tanto no plano persoal coma social. En segundo lugar, propoñen analizar a realidade utilizando ferramentas que brinda a propia ciencia económica. As devanditas ferramentas permitirán estudar, por unha banda, o comportamento dos diversos axentes económicos, con visión microeconómica e, por outra, o funcionamento económico agregado, desde unha perspectiva macroeconómica. E, en terceiro lugar, inclúe tanto a explicación de ferramentas de intervención económica, as políticas económicas, como a exposición de retos da economía actual para os que hai que buscar novas solucións. A ciencia económica, como ciencia social, ten unha proxección cara á acción que permite desenvolver propostas de intervención na economía e contribuír a unha mellora do benestar da sociedade.

Os criterios de avaliación establecidos van dirixidos a comprobar o grao de adquisición dos obxectivos da materia, isto é, o nivel de desempeño cognitivo, instrumental e actitudinal que poida ser aplicado en situacións ou actividades dos ámbitos persoal, social e educativo cunha futura proxección profesional.

Os criterios de avaliación e os contidos organízanse en cinco bloques e é obxectivo desta materia que o alumnado tome un primeiro contacto cos saberes de economía, que os comprenda e os relacione e que adquira unha visión global e integradora. O primeiro deses bloques relaciónase coas decisións económicas a partir da análise da realidade. O segundo e o terceiro vincúlanse ao coñecemento e ao uso de ferramentas que permitan que o alumnado entenda a realidade económica desde unha perspectiva tanto micro coma macro-económica. O cuarto lígase ás políticas económicas, aos aspectos principais da súa terminoloxía e á repercusión que teñen na contorna económica nun marco globalizado, así como aos problemas e aos instrumentos cos que contan os gobernos para dar respostas aos devanditos problemas. O quinto e último bloque céntrase na contorna económica máis inmediata para identificar as fortalezas e as debilidades da economía española.

Finalmente, expónse o enfoque desta materia desde unha perspectiva teórico-práctica, tendo presente a súa interconexión con outras disciplinas, que lle permitirá ao alumnado desenvolver un pensamento crítico e tomar decisións fundamentadas, propoñendo iniciativas que poidan dar solucións aos novos retos que expón a sociedade actual.

Esta programación vaise a impartir nun IES da montaña Ouresá, polo que a importancia da asistencia ao centro non é únicamente académica senon que é a única vía de socialización con zapaces ou rapazas da mesma idade para gran parte do noso alumnado. De aí a importancia que plantexar actividades complementarias e extraescolares dende o centro.

O grupo de Economía de 1º de BACH está composto por 8 persoas. A totalidade do alumnado mostra un claro interese pola materia, demandando o tratamento de temas de actualidade económica.

Dende o departamento intentaremos participar en programas que complementen a formación académica na área de economía dun xeito máis lúdico como Finanzas para mortais, Global Money Week ...así como visita a empresas ou institucións que conforman o tecido empresarial galego.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o problema da escaseza e a importancia de adoptar decisións no ámbito económico, analizando a súa repercusión nos distintos sectores e comparando solucións alternativas que ofrecen os diferentes sistemas para comprender o funcionamento da realidade económica.	2		2		40-50		1-2	
OBX2 - Recoñecer e comprender o funcionamento do mercado, analizando os seus fallos, para estudar a repercusión destes na contorna e facilitar a toma de decisións no ámbito económico.	2-3		2		40	3	1-2	
OBX3 - Distinguir e valorar o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda recoñecendo, con sentido crítico, os beneficios e os custos que xera, para determinar como se produce o desenvolvemento económico e a súa relación co benestar da sociedade.	2-3				40-50	3-4	1-2	
OBX4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento para planificar e xestionar con responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	2-3			4	12-40-50		1-2	
OBX5 - Identificar e valorar os retos e os desafíos aos que se enfrenta a economía actual, analizando o impacto da globalización económica, a nova economía e a revolución dixital para propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade.	2-3		4	5	12-40-50		1	
OBX6 - Analizar os problemas económicos actuais mediante o estudo de casos, a investigación e a experimentación, utilizando ferramentas da análise económica e tendo en conta os factores que condicionan as decisións dos axentes económicos, para facilitar a comprensión deses problemas e expor solucións innovadoras e sustentables que respondan a necesidades individuais e colectivas.	3		2		50	3-4	1-2-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Escaseza	Análise do problema económico da escaseza, a elección e a renuncia que leva aparellada e outros conceptos que se relacionan con ela, como o coste de oportunidade ou a Fronteira de Posibilidades de Producción.	5	8	X		
2	Sistemas económicos	Análise de cada un dos sistemas económicos e as súas implicacións para a sociedade.	5	10	X		
3	Finanzas e diñeiro	Análise de diferentes produtos financeiros e da súa utilidade e custo para o emprendedor e para os cidadáns.	10	15	X		
4	Teoría de xogos e comportamento dos axentes económicos	Análise de cómo toman as súas decisións os axentes económicos en ambientes de incerteza e risco.	10	10	X		
5	Oferta, demanda e elasticidade	Análise do funcionamento da oferta e da demanda nun entorno competitivo e da elasticidade de cada curva.	5	8	X		
6	Fluxo circular da renda	Análise da relación entre os axentes económicos.	10	15		X	
7	Crecedemento e distribución	Estudo das formas de medir o crecedemento económico e a distribución deste entre os cidadáns e implicacións para a sociedade.	8	8		X	
8	Emprego	Análise do mercado laboral e cálculo de taxas relacionadas con dito mercado.	8	15		X	
9	Comercio internacional	Análise dos factores que motivan o comercio internacional, medidas proteccionistas e beneficios e desventaxas que xeneran.	6	7		X	
10	O sistema financeiro	Papel do sistema financiero na economía.	6	8			X
11	Estado e políticas económicas.	Papel do Estado na economía e análise das principais políticas que leva a cabo.	5	8			X
12	Globalización	Análise do proceso de globalización e das súas implicacións para a sociedade.	6	9			X
13	Nova economía	Estudo de formas de economía alternativas como a colaborativa, circular etc.	10	10			X
14	Desenvolvemento económico	Análise do desenvolvemento económico, características, diferenzas co crecedemento e implicacións para a sociedade.	6	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Escaseza	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender o problema da escaseza, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Definir correctamente escaseza, comprender as diferenzas que presenta co termo pobreza e relacionala con outros conceptos como custo de oportunidade ou fronteira de posibilidades de produción.	PE	60
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva, comprendendo o concepto de individuo optimizador e analizando outros factores como a presión social que inflúen no proceso de toma de decisión.	TI	40
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor por o menos dúas solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A economía, as necesidades, os bens e a escaseza. O contido económico das relacións sociais. Pobreza e escaseza. A modelización como ferramenta para entender as interaccións económicas. - O proceso de toma de decisións económicas. A racionalidade. O custo de oportunidade. Os custos irrecuperables. A análise marxinal. Os incentivos e as expectativas. Teoría de xogos. A eficiencia. Risco e incerteza. - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos.

UD	Título da UD	Duración
2	Sistemas económicos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico, valorando os procesos de integración económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	- Comprender a realidade económica actual, analizando a repercusión das decisións adoptadas no ámbito económico e diferenciando os axentes que toman as decisións en cada sistema económico.	PE	60
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Analizar con espírito crítico os fallos do mercado e sobre os fallos do sistema de economía planificada, avaliando as súas consecuencias principais e propondo solucións.		
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica predominante en cada sistema económico.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A organización económica e os sistemas económicos; valoración e comparación.

UD	Título da UD	Duración
3	Finanzas e diñeiro	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras relacionadas co investimento, co aforro, cos produtos financeiros e coa procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Ser capaz de explicar de forma global o funcionamento do sistema financeiro valorando os seus efectos sobre a economía real (como mínimo sobre a inversión e o consumo) e analizando os elementos (por o menos tipo de interese, risco e prazo de devolución) que interveñen nas decisións financeiras.	PE	60
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	- Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro (papel do banco central e dos bancos comerciais) e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución comprendendo o significado de conceptos clave como tipo de interese, risco, débito e crédito.		
CA1.8 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais nun entorno ficticio e as de axentes ficticios a partir de datos proporcionados. Adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro.	TI	40
CA1.9 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel		
CA3.6 - Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital valorando os elementos que interveñen nas decisións financeiras e os efectos que estes poden provocar na economía real.	Planificar e xestionar con responsabilidade e progresiva autonomía as finanzas persoais nun entorno ficticio e adoptar decisións fundamentadas a partir do coñecemento e da comprensión do sistema financeiro		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Planificación e xestión das decisións financeiras: o investimento, o aforro e o consumo. Diñeiro e transaccións. Funcións do diñeiro e formas do diñeiro. Risco e beneficio. O papel dos bancos na economía. Funcionamento dos produtos financeiros como préstamos, hipotecas e os seus substitutos. Os seguros. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación.

UD	Título da UD	Duración
4	Teoría de xogos e comportamento dos axentes económicos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na sociedade.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva (comprendendo o razoamento do individuo optimizador teórico e anilizando outros factores como a publicidade, a presión social e as expectativas) analizando o impacto que teñen na sociedade.	PE	60
CA1.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor por o menos dúas solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas e investigar sobre o posible comportamento dos individuos en tales situacións	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Teoría de xogos. O dilema do prisioneiro. Xogos repetidos e equilibrios cooperativos. - Economía do comportamento. Desviacións da racionalidade económica. Decisións económicas e ética. Experimentos ou ensaios económicos.

UD	Título da UD	Duración
5	Oferta, demanda e elasticidade	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a repercusión dos fallos do mercado no eido microeconómico e facilitar o proceso de toma de decisións neste ámbito, recoñecendo e comprendendo o seu funcionamento.	Analizar o impacto dos fallos de mercado na asignación de recursos, nas cantidades producidas e nos prezos que se establecen.	PE	60
CA2.2 - Entender o funcionamento do mercado e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando elementos como a oferta, a demanda, os prezos, os tipos de mercado e os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	Saber representar e interpretar curvas de oferta e demanda dun mercado competitivo e analizar o equilibrio así como situacións de exceso de demanda ou oferta.		
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Analizar o problema da asignación de recursos, analizando as implicacións das políticas redistributivas para a satisfacción das necesidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións segundo os diferentes sistemas económicos.	Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando tres consecuencias e reflexionando sobre tres posibles solucións.	TI	40
CA2.3 - Analizar con espírito crítico os fallos do mercado, avaliando as súas consecuencias e reflexionando sobre as súas posibles solucións.	Analizar as características principais e as implicacións para a sociedade dos erros de mercado. No caso do monopolio analizar os efectos sobre os prezos e as cantidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - Intercambio e mercado. Tipos e funcionamento dos mercados. Representación gráfica. - A elasticidade. Os fallos de mercado. A análise custo-beneficio. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
6	Fluxo circular da renda	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Comprender a organización dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Ser capaz de explicar a función que cumpre cada axente dentro da economía e o fluxo de bens e servizos e recursos financeiros que se relaciona con cada axente.	PE	60
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Ser capaz de explicar o custo e o beneficio que supón para cada axente a súa participación no fluxo circular da renda.		
CA1.5 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer como se produce o desenvolvemento económico, o benestar social e a redución da pobreza e representar ese crecemento dentro do esquema básico do fluxo circular da renda. Explicar qué papel desempeña cada axente dentro da economía para lograr dito crecemento.	TI	40
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Ser capaz de explicar a contribución que cada axente económico fai á economía e qué é preciso que ocorra con cada axente para que a economía medre.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Métodos para a análise da realidade económica: o método científico, a modelización e experimentos ou ensaios económicos. - A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento.

UD	Título da UD	Duración
7	Crecedemento e distribución	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda e representando diferentes escenarios de cambio no esquema básico do fluxo circular da renda para analizar o crecedemento.	PE	60
CA3.4 - Diferenciar os custos e os beneficios xerados no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	Diferenciar por o menos un custo e un beneficio xerado no fluxo circular da renda para cada un dos axentes económicos determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e benestar social.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A macroeconomía. Os axentes económicos e o fluxo circular da renda. A demanda agregada, a oferta agregada e o seu funcionamento. - Crecedemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecedemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida.

UD	Título da UD	Duración
8	Emprego	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Entender o funcionamento do mercado laboral e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes implicados e reflexionado sobre a súa importancia como fonte de mellora económica e social.	- Entender o funcionamento do mercado laboral (representar correctamente a función de oferta e demanda de traballo e calcular o equilibrio) e a natureza das transaccións que teñen lugar nel, analizando os axentes que interveñen nel. Realizar cálculos de taxas correctamente para analizar o mercado.	PE	60
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos e centrándose no papel dos traballadores.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Economía laboral. O funcionamento e as tendencias dos mercados de traballo e o impacto dos custos de despedimento. Tipos de desemprego. Efectos e medidas correctoras. A fenda salarial.

UD	Título da UD	Duración
9	Comercio internacional	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os principais retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, explicando de forma organizada e clara, analizando de forma crítica e construtiva tres efectos económicos e tres sociais que se deriven deste proceso.	PE	60
CA5.2 - Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Analizar a escaseza de recursos e a pobreza para comprender os fluxos migratorios identificando por o menos tres motivos e comparando, de maneira xustificada, as ventaxas e desventaxas das estratexias proteccionistas e librecambistas.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Expor por o menos tres solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e empregando fontes de información fiables e citándoas.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Explicar de forma clara e organizada as características principais da realidade económica actual analizando por o menos tres oportunidades e tres riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades. - Teorías sobre o decrecemento económico.

UD	Título da UD	Duración
10	O sistema financeiro	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro e a súa evolución na era dixital, analizando as novas tendencias tecnolóxicas que supoñen unha disrupción no sector financeiro, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro (emisión de diñeiro, creación de diñeiro bancario...) e a súa evolución na era dixital, analizando as vantaxes e desvantaxes das novas tendencias tecnolóxicas.		
CA3.7 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro, do seu funcionamento, da súa evolución e dos efectos que se derivan das decisións adoptadas nel e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e de decisións adoptadas nel como a fixación dunha base monetaria determinada, tipos de interese específicos ou políticas de control da inflación por parte dos bancos centrais.	PE	60
CA4.5 - Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo conexións entre estas aprendizaxes e as súas decisións financeiras persoais que afectan a súa vida cotiá.	Adquirir coñecementos financeiros a partir da análise do sistema financeiro e da política monetaria e establecendo unha conexión clara entre as variables principais estudadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provocan a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando problemáticas sociais como a exclusión financeira.		
CA4.4 - Coñecer e comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos valorando os seus efectos sobre a economía real e analizando os elementos que interveñen nas decisións financeiras, como o tipo de xuro, a inflación, o aforro, os produtos financeiros e a procura de fontes de financiamento, para planificar e xestionar con maior responsabilidade e autonomía as propias finanzas e adoptar decisións financeiras fundamentadas.	Comprender o funcionamento do sistema financeiro, da política monetaria e da estabilidade de prezos relacionandoas coa economía real e analizando o ocorrido co tipo de xuro, a inflación e o aforro ante cambios de política monetaria e ser capaz de realizar un gráfico que o represente.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar.

UD	Título da UD	Duración
11	Estado e políticas económicas.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender a realidade económica actual analizando a repercusión das decisións adoptadas pola intervención do Estado en materia de política económica e establecendo comparacións sobre as solucións alternativas que ofrecen os distintos sistemas.	Ser capaz de explicar de forma clara as características principais da economía actual analizando a repercusión da política económica, analizando os efectos positivos e negativos que pode ocasionar a política fiscal e monetaria e representar gráficamente ditas políticas.		
CA4.2 - Comprender o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento e os seus efectos no conxunto da sociedade.	Comprender e explicar de forma clara o problema básico da economía da escaseza de recursos para garantir o estado do benestar e analizar as diferentes alternativas de financiamento	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.	Diferenciar dous custos e dous beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles tanto reais como monetarias e determinando de forma xeral a súa repercusión no estado do benestar e no seu financiamento.		
CA3.1 - Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas -a escaseza-, identificando os motivos e comparando, de maneira xustificada, diferentes estratexias económicas de resolución deste.	Analizar o problema da asignación de recursos na satisfacción das necesidades, tanto individuais como colectivas e o papel que desempeña o Estado na satisfacción de certas necesidades, vinculando o aprendido con conceptos como escaseza, pirámide de Maslow e políticas públicas.	TI	40
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, propoñendo exemplos concretos de políticas e analizando a súa implicación.		
CA4.6 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas propias do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor unha solución socioeconómica que responda a unha necesidade propia do estado do benestar investigando e explorando a realidade económica empregando fontes de información fiables.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando tres elementos clave que condicionen e transformen a economía e fomentando unha iniciativa que responda ás necesidades reais detectadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - Economía positiva e economía normativa. A intervención do Estado e a súa xustificación. A política económica e os seus efectos. - A política fiscal. O estado do benestar e o seu financiamento. O principio de solidariedade e os impostos. O déficit público, a débeda pública e os seus efectos. A economía mergullada. - A política monetaria e a estabilidade de prezos. Funcionamento do mercado monetario. A inflación: teorías explicativas. Efecto das políticas monetarias sobre a inflación, o crecemento e o benestar. - O futuro do estado do benestar. Sustentabilidade das pensións. Os fluxos migratorios e as súas implicacións socioeconómicas.

UD	Título da UD	Duración
12	Globalización	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Comprender a realidade económica actual analizando as oportunidades e os riscos dos procesos de integración económica entre países e da globalización e a súa repercusión na redución das desigualdades.	Comprender a realidade económica actual analizando tres oportunidades e tres riscos importantes dos procesos de integración económica entre países e da globalización.	PE	60
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Coñecer e ser capaz de explicar de forma organizada e clara os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando tres variables clave do proceso de globalización e os seus efectos principais.		
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provocan a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Identificar tres retos e desafíos que se deriven da globalización propondo unha iniciativa que fomente a equidade e analizando o seu impacto nas tres vertentes ASG da sustentabilidade.	TI	40
CA3.9 - Comprender os retos económicos actuais en materia de comercio internacional e procesos de integración económica, analizando de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise de casos reais e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais en materia de globalización e analizar a relación entre esta e outros procesos como os de integración económica. Analizar de forma crítica e construtiva os efectos económicos-sociais a partir da análise dun caso real.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Expor unha solución socioeconómicas que responda a necesidades individuais e colectivas vinculadas coa globalización, tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propor unha iniciativa realista que fomente a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e axude a paliar os efectos negativos da globalización ou a fomentar efectos positivos desta.		
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva os efectos da globalización sobre a contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor unha solución socioeconómica que responda a necesidades individuais e colectivas con relación aos efectos da globalización		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - O comercio internacional, os procesos de integración económica e os seus efectos. Proteccionismo e libre comercio. A unión europea e monetaria. - O sistema financeiro, o seu funcionamento e os seus efectos. Evolución do panorama financeiro. O diñeiro. Tipoloxía do diñeiro e o seu proceso de creación. - A globalización: factores explicativos, oportunidades e riscos. A converxencia económica entre países e a redución das desigualdades.

UD	Título da UD	Duración
13	Nova economía	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.8 - Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, o impacto que provocan a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Identificar os retos e os desafíos dunha economía global propondo tres iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade e analizando, con sentido crítico, tres efectos provocados por cada fenómeno: a globalización, a nova economía e a revolución dixital.	PE	60
CA5.3 - Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen nos retos económicos actuais.	Coñecer os procesos que interveñen na toma das decisións económicas de maneira individual e colectiva analizando o impacto que teñen na economía así como o impacto que tería tomar decisións tendo en conta os factores ASG.		
CA3.10 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía	Expor unha solución socioeconómica que responda a necesidades individuais e colectivas tanto no marco das relacións nacionais coma internacionais, investigando e explorando a realidade económica local e nacional e internacional empregando fontes de información fiables.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor unha solución socioeconómicas que responda a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando o funcionamento de proxectos reais de economía circular, colaborativa ou cooperativa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - A nova economía e a revolución dixital. A economía colaborativa. A economía circular. O impacto da revolución dixital sobre o emprego e a distribución da renda. A adaptación da poboación activa ante os retos da revolución dixital. - Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

UD	Título da UD	Duración
14	Desenvolvemento económico	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social valorando, con sentido crítico, o papel dos distintos axentes económicos que interveñen no fluxo circular da renda.	Coñecer e ser capaz de explicar de forma organizada e sinalando as características clave do proceso de desenvolvemento económico.		
CA5.4 - Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico e o benestar social con relación ao desenvolvemento sustentable e aos retos económicos actuais. Estudo de casos.	Analizar, con sentido crítico, como se produce o desenvolvemento económico diferenciandoo de crecemento e analizando a súa relación coas cuestións ASG.	PE	60
CA5.5 - Diferenciar os custos e os beneficios que xera para cada un dos axentes económicos no fluxo da renda establecendo relacións entre eles e determinando a súa repercusión no desenvolvemento económico e no benestar social.	Ser capaz de establecer relacións claras entre o comportamento de cada axente que intervéen no fluxo circular da renda co desenvolvemento económico e o benestar social.		
CA5.6 - Propor iniciativas que fomenten a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico, o impacto que provoca a globalización, a nova economía e a revolución dixital no benestar económico e social dos cidadáns.	Propor unha iniciativa que fomente a equidade, a xustiza e a sustentabilidade a partir da identificación dos retos e dos desafíos reais que supón a economía actual e analizando, con sentido crítico a realidade que o rodea e exemplos de iniciativas semellantes levados a cabo na contorna.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.7 - Comprender os retos económicos actuais analizando de forma crítica e construtiva a contorna, identificando aqueles elementos que condicionan e transforman a economía e fomentando iniciativas que respondan ás necesidades que supoñen estes retos.	Comprender e ser capaz de explicar detalladamente tres retos económicos actuais detectados a través da análise da contorna e propor unha solución realista e innovadora que axude a afrontalos.		
CA5.8 - Expor solucións socioeconómicas que respondan a necesidades individuais e colectivas con relación aos retos económicos actuais, investigando e explorando a realidade económica tendo en conta diversos factores e aplicando as ferramentas propias do ámbito da economía.	Expor unha solución a un problema económico e social detectado no municipio, investigar sobre as necesidades da poboación que están sen satisfacer e propoñer unha solución innovadora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Crecemento económico e desenvolvemento. Os factores do crecemento. A distribución da renda: relación entre eficiencia e equidade. Indicadores do desenvolvemento social. Benestar e calidade de vida. - Teorías sobre o decrecemento económico. - Os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) e os retos económicos actuais. Estudo de casos.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía proposta é de ensinanza activa, na que a participación do alumnado é o elemento esencial, procurando a súa formación integral como cidadán. Prestarase atención especial á consecución da súa motivación. Trata de dar unha resposta competencial, pasando da aprendizaxe memorística a aplicar o coñecemento a situacións diversas e cambiantes, cun enfoque interdisciplinar e favorecendo o traballo colaborativo.

Debido ás características do grupo traballarase tanto de xeito individual (resolución de boletíns de exercicios, búsqueda de información, elaboración de traballos de investigación) como en parellas ou gran grupo.

Usar en clase o debate e a discusión de ideas como maneira de aprender e outra das metodoloxías usadas, incidindo nas competencias sociais e cívicas, de comunicación e de iniciativa. Tamén se propón a explicación dun alumno ó resto da aula da resolución de exercicios ou de cuestións, fomentar o uso da palabra en público.

Pídese recoller, en clave metodolóxica, (sempre que sexa posible) os traballos de investigación e elaboración propia en formato dixital. En concreto se pedirá ó alumnado a elaboración dos traballos cun editor de textos e o seu envío (desde o instituto ou desde outro lugar conectado a Internet) a través de Edixgal ou da aula virtual. Nos casos pertinentes usaranse programas a maiores do editor de texto, como follas de cálculo, programas de presentación de diapositivas. Isto ten como obxectivo que se afiancen as habilidades en relación coa competencia dixital.

Analizar cómics, revistas, documentais ou películas relacionadas coa materia, proxectadas previamente na aula.

Ligar a información proporcionada e os contidos da materia á contorna do alumnado axuda ó seu desenvolvemento cultural, á capacidade de iniciativa e emprendemento sobre o seu propio medio para transformalo e a valorar a cultura propia e alleas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Material dixital necesario para o desenvolvemento do curso: empregaranse diapositivas elaboradas por a docente para presentar os contidos así como novas de interés, datos a analizar etc. Ademáis, para o desenvolvemento da unidade poden empregarse adicionalmente follas de traballo, boletíns de exercicios, enlaces con información de interés etc, que serán entregados por a docente en formato físico ou dixital a través da aula virtual.

Medios audiovisuais complementario: O vídeo será un elemento de apoio para reforzar as explicacións a través de fragmentos de documentais, películas, videos de organismos oficiais como a OMC etc.

Novas tecnoloxías: empregaranse medios dixitais para levar a cabo tarefas de investigación e tratamento de datos e aplicacións como Kahoot para a revisión dos contidos das unidades.

Recursos literarios: empregaranse cómics e fragmentos de novelas para traballar contidos do curso e acadar as competencias clave a través da súa lectura, análise e/ou debate.

Programas pedagóxicos: solicitarase dende o departamento a participación en diferentes programas vinculados á temática da asignatura como os programas "Finanzas para mortais" ou "Global Money Week", dous programas de divulgación de información sobre finanzas que permiten acceder a videoconferencias de organismos oficiais, participar en concursos con outros centros etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Coa avaliación inicial preténdese ter unha idea do grao de adquisición das competencias clave no que se atopa o alumnado, ben a comezo de curso ou, no seu caso, ao comezar unha unidade didáctica. É necesario identificar o punto de partida para telo en conta no proceso de ensino-aprendizaxe.

Lévanse a cabo os seguintes procedementos de avaliación inicial:

- Realización de cuestionarios escritos ou orais a principio de curso sobre algúns dos contidos básicos da materia; e preguntas orais ó principio de cada unidade didáctica. A idea é identificar puntos débiles e fortalezas no alumnado en relación coa materia de Economía, as matemática, a comunicación, o emprendemento e o resto de competencias.

- Consulta, caso de ser necesario, co Departamento de Orientación e outros departamentos. En certos casos hai carencias en certas competencias con orixe en situacións fóra da escola e necesítase o apoio dos outros departamentos do centro para realizar o correcto diagnóstico inicial.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	10	10	5	10	8	8	6	6
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	6	10	6	100
Proba escrita	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Realizaranse tres avaliación que poderán ser recuperadas. Para ter superada cada unha das avaliacións o alumno deberá acadar como mínimo un 5. A cualificación dos alumnos en cada avaliación calcularase sumando a cualificación acadada nos contidos conceptuais e procedementais e restando a cualificación negativa acadada nos contidos actitudinais no caso de que a houbese.

Cualificación dos contidos conceptuais e procedementais

Probas escritas (60% da nota da avaliación): Farase dúas probas parciais en cada unha das tres avaliacións. Cada proba cualificaranse sobre un total de 10 puntos. Indicarase do valor asignado a cada pregunta. A proba consta de dúas partes, unha parte práctica e unha parte teórica. Calcularase a media aritmética das probas escritas no caso de que conten co mesmo número de unidades, e a media ponderada en caso contrario, sendo o factor de ponderación o número de unidades que se avalían en cada parcial dividido entre o número total de unidades vistas nesa avaliación. A media obtida multiplicarase por 0,60 para ponderar o peso destes contido na nota da avaliación. Para determinar a cualificación obtida en cada proba terase en conta que o contido das respostas sexa correcto, axustado ao preguntado e completo, que estea debidamente razoada, a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía económica e o emprego de exemplos adecuados. A hora de determinar o grado de desenvolvemento dos exercicios teranse en conta, tanto as interpretación, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Tamén se terá en conta a presentación. A calificación de cada proba escrita debe ser de como mínimo 4 puntos, de non ser así a materia figurará como suspensa coa calificación numérica que resulte da media entre ambas probas se é suspensa, e se resultase ser un número superior a cinco, pero incumplindo este requisito, sería de 4 puntos. Se nalgunha destas probas se empregan materiais non permitidos a proba cualificarase con cero puntos.

Traballos e actividades (40% da nota da avaliación): Será preciso que estes traballos se entreguen en forma e prazo para ser avaliados. De non ser entregados na data indicada, non se terán en conta para a avaliación. Para determinar a cualificación obtida en cada traballo e/ou actividades terase en conta que o contido (axustado ao preguntado e completo, que estea debidamente razoado), a claridade de exposición, a concreción, o dominio da terminoloxía económica e o emprego de exemplos adecuados. A hora de determinar o grado de desenvolvemento dos exercicios teranse en conta, tanto as interpretación, explicacións e comentarios dos exercicios, como a expresión dos resultados numéricos nas unidades correctas. Tamén se terá en conta a presentación.

Cualificación dos contidos actitudinais: Restaránse 0,25 puntos sobre a media da avaliación por cada falta actitudinal ou punto negativo. Considerarase que o alumno incurre en falta actitudinal e recibirá un punto negativo por ela cando mostre falta traballo na casa, mala actitude ante a materia, faltas de comportamento ou de interese por a materia.

Criterios de recuperación:

A recuperación dos contidos desenvolvidos nas diferentes avaliacións realizarase do seguinte xeito:

A recuperación da 1ª avaliación farase ao principio da segunda avaliación.

A recuperación da 2ª avaliación farase ao principio da terceira avaliación.

A recuperación da 3ª avaliación farase no exame final.

A nota das recuperacións calcularase igualmente que a nota da avaliación, tendo en conta a nota dos traballos e actividades e a nota actitudinal acadada na avaliación.

Haberá un exame escrito final das avaliacións suspensas ao final de curso (convocatoria ordinaria) para os alumnos que non superen unha ou máis avaliacións:

- Un exame dos contidos dun trimestre: para aqueles que non superen o devandito trimestre.

- Un exame global da materia para aqueles alumnos que suspendan dúas ou máis avaliacións.

- Para a superación da materia será imprescindible ter superadas as tres avaliacións. A nota final de curso (convocatoria ordinaria) obterase calculando a media aritmética das notas acadadas nas tres avaliacións. A nota calcularase facendo o redondeo ás unidades.

No suposto de non aprobar na convocatoria ordinaria, o alumno deberán presentarse a un exame na convocatoria extraordinaria seguindo unhas indicacións que lle dará a profesora. Necesitará un 5 nesa proba para aprobar na convocatoria extraordinaria.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha condición inherente ao ser humano, polo que debe considerarse normal que o grupo de alumnos co que se traballa sexa diverso.

O docente ten que dar resposta a esta diversidade de alumnos e, de feito, a atención á diversidade é un dos piares básicos nos que se sustenta o actual sistema educativo.

A diversidade humana esixe un conxunto de respostas educativas para que a súa atención non se limite á integración física, senón que avance cara a un modelo de integración funcional que responda ás necesidades educativas de cada alumno. Por unha banda, debe considerarse que o traballo co alumnado debe ser realizado, de forma paralela e complementaria, tanto polo profesor-titor como por cada un dos profesores nas actividades ordinarias co apoio do Departamento de Orientación. Non obstante, na programación non contamos con alumnado con necesidades educativas de apoio específico, polo que atenderemos a diversidade a diferentes ritmos de aprendizaxe, motivacións e intereses.

A atención á diversidade do alumnado en relación coas diferentes aptitudes e ritmos de aprendizaxe na aula contémpase a tres niveis: na programación da aula, na metodoloxía e materiais.

Atención á diversidade na PROGRAMACIÓN.

A programación que se presenta debe ter en conta que non todos os alumno/as adquiren en mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos que se tratan. Polo tanto, debe realizar de forma que se garanta un nivel mínimo para todo o alumnado ao final do curso. Ofrece varias oportunidades para recuperar contido non asimilados ata ese momento.

Polo que podemos concretalos nas seguintes medidas:

Adaptar a secuenciación e organización dos contidos ás peculiaridades da clase.

Adaptar os criterios de avaliación ás necesidades da aula, aclarando o tipo e grao de aprendizaxe.

Organizar a avaliación, utilizando diversos procedementos e instrumentos de avaliación.

A atención á diversidade na METODOLOXÍA, debe estar presente durante todo o proceso de aprendizaxe e levar ao profesor a:

Detectar os coñecementos previos do alumnado ao comezo dun tema.

Asegurarse de que os novos contidos matemáticos que se van adquirir se conecten coñecementos previos e sexan adecuados ao seu nivel cognitivo.

Fomentar que a velocidade de aprendizaxe sexa determinada polo propio alumno.

Organizar espazos e tempos.

Utilizar estratexias para centrar a atención do grupo cara a aspectos relevantes para o proceso. Entre outros poden ser: proporcionar información ("Mira, isto é importante"), destacando algún contido con entoación, xestos ou movementos; reiterando información, introducindo pausas e cambios de ritmo no dinámico.

As actividades de ensino e aprendizaxe adaptaranse ás necesidades do alumnado, de tal xeito que coas súas capacidades poidan participar ó máximo en eles. Isto pódese conseguir empregando diferentes linguaxes para expresar mesmo conceptos, dedicar máis tempo aos estudantes que máis o necesitan, ofrecer actividades relacionadas coa vida real e que axuden ao alumno a facelo comprender mellor os conceptos.

Tamén proporemos diferentes niveis de esixencia, sobre os mesmos contidos, organizando diferentes tipos de actividades e ofrecendo diferentes motivacións para os diferentes alumno/as.

Deseñaranse actividades amplas, que teñan distintos graos de dificultade e diferentes tipos, incluíndo actividades de extensión que son traballadas por aqueles alumnos do grupo que avanza a un ritmo máis rápido do previsto, e o actividades de reforzo que van destinadas a aqueles alumnos que presenten a taxa de aprendizaxe máis lenta.

En relación cos MATERIAIS, a atención á diversidade realizarase de acordo co seguintes pautas: Organizar os materiais, seleccionando aqueles que poidan ser empregados polo alumnado, adaptando os de uso común e situándoos de forma que teñan acceso autónomo.

Empregaranse exercicios con diferentes graos de complexidade, que permite traballar os mesmos contidos con niveis ou esixencias diferente. Tamén hai exercicios denominados actividades de reforzo e afondando, que para a súa resolución os mesmos contidos e procedementos que outros exercicios, pero tamén require unha habilidade para relacionarse entre os ditos contidos e a xestión de estratexias para a súa resolución.

Para que o alumnado comprenda mellor os contidos que se traballan na clase, facilitaralles o maior número de recursos didácticos: material de apoio, imaxes, esquemas, etc.

Se se detecta algunha dificultade nalgún dos alumnos ao longo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, realizaranse as correspondentes adaptacións non significativas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento e consolidación do espírito emprendedor.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Adquisición de habilidades para a creación e desenvolvemento das diversas modelos de negocio.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Ética empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Desenvolvemento sostible e medio ambiente.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación moral e cívica (prevención e resolución pacífica de conflitos en todos ámbitos)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz (prevención e resolución pacífica de conflitos en todos ámbitos)	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - TICs: Explicar e analizar as situacións de risco derivadas do seu uso inadecuado.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Desenvolvemento e consolidación do espírito emprendedor.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Adquisición de habilidades para a creación e desenvolvemento das diversas modelos de negocio.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Ética empresarial.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Desenvolvemento sostible e medio ambiente.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación moral e cívica (prevención e resolución pacífica de conflitos en todos ámbitos)	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación para a paz (prevención e resolución pacífica de conflitos en todos ámbitos)	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o consumo	X	X	X	X	X	X
ET.8 - TICs: Explicar e analizar as situacións de risco derivadas do seu uso inadecuado.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Economía, por tratarse dunha ciencia social tratará contidos que servirán de apoio ao coñecemento, habilidades e actitudes que permitan ao alumnado tomar decisións no seu rendemento como cidadáns responsables e axudalos a comprender a sociedade complexa dos seus feitos económicos, dos cambios que imprimen as novas tecnoloxías despertando as súas consciencias para interpretar e analizar a información económica, proporcionándolles ferramentas de investigación, observación e reflexión crítica que axudalos a interiorizar e propoñer solucións a problemas económicos, sociais e técnicas plantexadas no mundo contemporáneo, tanto a nivel local como global.

Deste xeito, a materia sensibilízaos sobre cuestións e problemas económicos actuais (desigualdades económicas e sociais, desemprego, esgotamento dos recursos naturais, consumismo, importancia do espírito emprendedor na creación de empresas, consecuencias da globalización, etc.).

Así mesmo, a materia permítelles tomar conciencia da súa propia dimensión humana e da necesidade de contribuír, de forma activa e responsable, á construción do futuro, ao ao tempo que se fomentan neles actitudes de solidariedade, tolerancia e respecto cara ás persoas de outras culturas, facilitando así a súa integración económica, social e cultural nun mundo cada vez máis globalizada.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Plan de lectura e cine	visualización de documentales, lectura de noticias, talleres, creación de murales	X	X	X
Actividades de gamificación	Kahoot, pasapalabra, simulador Money Town.	X	X	X
Participación en Plans ou Proxectos	Finanzas para mortais, EduTechEmprende, ...		X	X
Visitas a empresas	Visita a algunha empresa do tecido empresarial galego		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado coñece criterios e metodoloxía para acadar os mínimos esixibles e as competencias clave.
Medidas de atención á diversidade
Cada alumno/a, dentro das súas características propias, está satisfeito coa materia e coa profesora. -
Clima de traballo na aula
O alumnado que supera o curso están en condicións de afrontar estudos posteriores con garantías de éxito no ámbito económico.
Outros
Alumnado coa materia superada

Descrición:

A calidade do proceso de ensino e da práctica docente é unha función que depende de factores moi diversos e todos eles relacionados en maior ou menor medida. Por iso é necesario incluír moi diversos indicadores de logro que dean unha idea acerca de se o proceso de ensino e a práctica docente se acercan á excelencia ou ben son deficientes.

- O alumnado ten unha idea clara do que se lles esixe para acadar os mínimos nos estándares de aprendizaxe.
- O alumnado identifica que a metodoloxía usada favorece a súa participación e iniciativa e que favorece a adquisición das competencias clave.
- O alumnado que supera o curso están en condicións de afrontar estudos posteriores con garantías de éxito no ámbito económico.
- O número de alumno/as que superan a materia a final de curso correspóndese ou acércase ás mellores expectativas produto da avaliación inicial, ou cando menos a metodoloxía e traballo proposto favorecen que o rendemento dos alumnos se acerque ao seu máximo.
- Cada alumno/a, dentro das súas características propias, está satisfeito coa materia e coa profesora.
- O traballo coa Vicedirección da lugar a actividades propias da materia que favorecen a adquisición dos estándares de aprendizaxe no maior grao.
- A comunicación e colaboración co Equipo Directivo do Centro mellora os resultados da autoavaliación da propia práctica docente.

- Existe colaboración con outros departamentos que se reflicten en actividades extraescolares e complementarias compartidas que son do gusto do alumnado e melloran o seu nivel nas distintas competencias clave.
- O grao de satisfacción da profesora co seu traballo é suficiente e estimula aumentar o seu desempeño continuamente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de seguimento desta programación didáctica, para anotar a evolución do desenvolvemento das unidades didácticas ao longo do curso, realizarase a través desta aplicación unha vez que estea pechada a programación.

A aplicación Proens permítenos recoller os seguintes datos no seguimento da unidades didácticas da nosa programación:

- Data de inicio de impartición
- Data de remate de impartición
- Número de sesións impartidas
- Grao de cumprimento (con tres opcións: baixo / medio / alto)
- Propostas de mellora (texto libre)
- Outras observacións (texto libre)

A validez e calidade da seguinte programación didáctica mésurase mediante os seguintes indicadores de logro:

- Os contidos desenvolvidos correspóndense coa lexislación actual.
- Os contidos inclúen os aspectos fundamentais da materia e poden ser avaliados con procedementos moi diversos.
- Os contidos permiten abordar diversas metodoloxías de ensino-aprendizaxe e traballar todas as competencias clave.
- Os contidos son flexibles abondo como para que a programación de aula matice aspectos da programación sen restarlle coherencia.
- Os graos mínimos de consecución de estándares de aprendizaxe permite ao alumnado poder acadar as competencias clave no Bacharelato.
- A programación leva a usar unha metodoloxía variada contando coas características, información e intereses dos alumnos.
- Todas as competencias claves son avaliadas, cos instrumentos determinados, e aparecen reflectidas na nota de cada avaliación.
- O alumnado entende de ónde vén a súa nota numérica en cada avaliación (comprensión dos criterios e instrumentos usados).
- O alumnado participa na avaliación da programación, do profesor e na súa propia e a dos seus compañeiros.
- Os materiais e recursos didácticos usados favorecen o traballo segundo distintas metodoloxías e contribúen a alcanzar os graos mínimos nos estándares de aprendizaxe.
- As actividades extraescolares contribúen á adquisición das competencias clave e son ben valoradas polo alumnado.

En canto ás propostas de mellora, podemos ir anotándoas cando se faga o seguimento de cada unidade didáctica.

9. Outros apartados